

Contos do vento acatarrado

PROPOSTAS PARA A AULA 1º, 2º e 3º ciclos primaria




- **Coñecemento do medio**
- **Lingua**
- **Educación artística**
- **Temas transversais**

OS MONICREQUES DE KUKAS

OBXECTIVOS

- ◆ Potenciar o respecto polas diferenzas individuais
- ◆ Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas.



- ◆ Estimular o uso de fontes de información complementarias ós libros de texto, como atlas, mapas, dicionarios, enciclopedias, internet.
- ◆ Achegarse a formas de expresión escénica como é o teatro con monicreques.
- ◆ Adquisición de destreza manual.
- ◆ Desenrolar a capacidade de atención e a memoria
- ◆ Favorecer a lectura comprensiva.
- ◆ Desenrolar a imaxinación e creatividade individual do neno.
- ◆ Participación lúdica, creativa e responsable na posta en escena de teatro con monicreques.
- ◆ Promover a socialización mediante o traballo en equipo.
- ◆ Relacionar nun só proceso creativo a actividade dramática e a actividade plástica.
- ◆ Facilitar o respecto polo medio ambiente mediante a reciclaxe de materiais de refugallo.
- ◆ Promover a educación en valores como a amizade, a solidariedade, a xenerosidade e a educación para a paz.
- ◆ Promover a ecoloxia coñecendo e respectando o medio ambiente.

CONTIDOS POR CICLOS

COÑECEMENTO DO MEDIO:

- ◆ O Polo Norte e o Polo Sur: 1º, 2º, 3º
 - Os polos xeográficos
 - A fauna dos polos
 - Os iglús
- ◆ Tipos de vivendas do mundo 1º, 2º, 3º
- ◆ Accidentes xeográficos: rías, cabos, golfos. 2º, 3º
- ◆ As rías galegas 1º, 2º, 3º
- ◆ Fenómenos atmosféricos: vento, chuva, neve..., 1º, 2º, 3º
- ◆ Tipos de ventos 2º, 3º
- ◆ A electricidade 2º, 3º
- ◆ Animais con chispa: o vagalume, a anguía 1º, 2º, 3º
- ◆ Animais domésticos e animais salvaxes 1º, 2º, 3º
- ◆ Plantas e animais autoctonos, foráneo e invasores, 2º, 3º
- ◆ Emigración e inmigración, 2º, 3º

LINGUA:

- ◆ Vocabulario, 1º, 2º, 3º
- ◆ Lectura comprensiva 1º, 2º, 3º
- ◆ Expresión oral e escrita 1º, 2º e 3º

EDUCACIÓN ARTÍSTICA:

- ◆ Dibuxar, recortar e pegar 1º, 2º
- ◆ Construcción de monicreques con materiais de reciclaxe 2º, 3º
- ◆ Posta en escena dunha obra con monicreques 2º, 3º

TEMAS TRANSVERSAIS:

- ◆ **Ecoloxía:**
 - Coidado e limpeza das nosas costas. 1º, 2º, 3º
 - Coidado e limpeza dos nosos bosques 1º, 2º, 3º
- ◆ **Educación para a paz:**
 - Convivencia 1º, 2º, 3º
 - Exército: tipos de exércitos 2º, 3º
 - Países sen exército 2º, 3º
- ◆ **Educación en valores**
 - Amizade, solidaridade, xenerosidade 1º, 2º, 3º
 - Respecto pola diferenza 1º, 2º, 3º

GRUPO RECEPTOR E TEMPORALIDADE

Grupo receptor

1º ciclo de Primaria

2º ciclo de Primaria

3º ciclo de Primaria

Segundo o ciclo se realizaran para un mesmo contido diferentes actividades ou actividades similares, pero cun grao de complexidade diferente.



Temporalidade

As actividades se realizarán despois da asistencia á representación, podéndose realizar algunhas actividades de recompilación de información previas á función.

As actividades se distribuiran en varias sesións segundo o criterio do profesor e o ciclo ó que van dirixidas.

RECURSOS



Humanos:

- ◆ **Profesor de Primaria.**

Espaciais:

- ◆ **Aula, biblioteca e aula de informática**

Materiais:

- ◆ **Educación artística: Monicreques**
Envases, las, pelotas ping pong, botóns, rolos cartón, cola contacto, acrílicos, tesoiras
- ◆ **Coñecemento do medio, temas transversais:**
Atlás, mapas, globo terráqueo, enciclopedias, Internet, pinturas, lápices cores....
- ◆ **Lingua e literatura**
Diccionario, internet, material escolar convencional.

ACTIVIDADES



Situar no mapa ou no globo terráqueo:

- ◆ Polo Norte
- ◆ Polo Sur

- ◆ Fauna do Polo Norte. *Pescuda*
- ◆ Fauna do Polo Sur. *Pescuda*

- ◆ As vivendas no Polo Norte: os iglús
- ◆ Tipos de vivendas no mundo. *Pescuda*
- ◆ Pinta e colore a un iglú, unha cova, un palafito e un rañaceos.


- ◆ Repite en voz alta a seguinte frase:

E ousou dicir, tí non es un can que es un oso, así que deixa de roer no óso.

- ◆ Escribe unha redacción sobre unha excursión real ou inventada ó campo ou a praia

- ◆ Enumera 3 accidentes xeográficos diferentes.
- ◆ Cita 1 ou 2 exemplos de cada un en Galicia

- ◆ ¿Qué debemos facer para manter limpas as praias e as rías?
- ◆ Debatir na aula sobre o noso comportamento na praia



- ◆ Localiza as rías galegas no mapa.
- ◆ Dí os nomes das Rías Altas e das Rías Baixas galegas que coñezas.

ACTIVIDADES



Pinta e colore a 4 fenómenos atmosféricos:

- ◆ Chuva
- ◆ Vento
- ◆ Saraiba
- ◆ Neve

◆ **¿De onde ven Flash?**
.....

◆ **¿De que tiña medo ó chegar a Galicia?**
.....

◆ **Enumera tres animais que coñeceu cando foi de excursión?**
.....
.....

◆ **¿Qué se levou Flash de recordo de Galicia?**
.....

- ◆ **Os fenómenos atmosféricos.** *Pescuda*
- ◆ **Tipos de vento,** *Pescuda*

- ◆ **Morriña e Saúde:** *pescudar*
Consultar o capítulo XXII de Sempre en Galiza de Castelao.

Animais con chispa: *Pescuda*

- ◆ O vagalume
- ◆ A anguía

◆ **Constrúe tu propio circuito eléctrico**

◆ **¿Cal é a diferencia entre corrente continua e alterna?.**



Vocabulario en galego:

- ◆ Esquimó
- ◆ Alumear
- ◆ Buligueira
- ◆ Arrepío
- ◆ Alporizada
- ◆ Chapapote

ACTIVIDADES

- ◆ **Animais domésticos e salvaxes.**
Pescuda
- ◆ **Escrebe 5 animais domésticos e 5 salvaxes**

Vocabulario en galego:

- ◆ Farruco
- ◆ Mágoa
- ◆ Arrecendo
- ◆ Esmola
- ◆ Cancela
- ◆ Famento
- ◆ Landra

Pinta e colorea os seguintes estados de ánimo:

- ◆ Furia
- ◆ Alegría
- ◆ Tristeza



Emparella a cada animal co agasallo que lle deu o

- | | |
|-----------|------------------|
| ◆ Coello | ◆ Bufanda |
| ◆ Galo | ◆ Mazaroca millo |
| ◆ Porco | ◆ Landras |
| ◆ Pingüin | ◆ Cenoria |
| ◆ Esquíó | ◆ Cabaza |

- ◆ **¿Para qué fixo un espantallo o labrego?**
- ◆ **¿A cantos animais axudou o espantallo?**
- ◆ **¿Qué cousas regalou o espantallo?**

- ◆ **Cita 5 xogos populares que coñezas.**
- ◆ **Xogar no patio do colexio a 2 xogos populares:**
 - O Trompo
 - As bolas

- ◆ **¿Qué é un exército?**
- ◆ **¿Cómo debemos solucionar os problemas cos outros?**
 - Falando
 - A trompadas
- ◆ **Di 3 países sen exército**



- ◆ **¿Qué lle regalou o seu pai a Luisiño?**
- ◆ **¿Qué facía polas noites a bala de Luisiño?**
- ◆ **¿Que estalou cando Luisiño fixose mozo?**

ACTIVIDADES

- ◆ **Plantas autóctonas, exóticas e invasoras en Galicia.** *Pescuda*
- ◆ **Escribe 3 / 5 exemplos de cada unha.**



- ◆ **Emigración e inmigración.** *Pescuda*
- ◆ **Pregunta en casa ós teus pais ou avós se hai algún antepasado na familia que teña emigrado.** Conta a súa historia
- ◆ **¿A que países emigraban ou emigran preferentemente os galegos?:**
- ◆ A finais do século XIX—principios s. XX
- ◆ Na década dos 60 do século XX
- ◆ No século XXI

Vocabulario en galego:

- | | |
|-----------|-----------------|
| ◆ Retorta | ◆ Escuchumizada |
| ◆ Asubiar | ◆ Aloumiñada |
| ◆ Melosa | ◆ Bágoa |
| ◆ Leducia | ◆ Adubar |

- ◆ **¿Hai no voso grupo algún inmigrante, es tí un inmigrante?**
- ◆ **¿Que costumes propias do seu/ teu país son diferentes?**
- ◆ **Celebrar na aula algunha festa típica doutro país ou cultura.**

Representar con monicreques

- ◆ **Flash a bombilla esquimó** (8-10 nenos)
- ◆ **O Espantallo** (9 nenos)
- ◆ **A bala de Luisiño** (4 nenos)
- ◆ **A volta dos carballos** (6 - 8 nenos)
- ◆ Crear 4 grupos
- ◆ Reparto dos personaxes
- ◆ Construir os personaxes con recortables ou con envases de plástico
- ◆ Aprender a mover as marionetas e aprender diálogos
- ◆ Ensañar
- ◆ Realizar cartel e anunciar a representación
- ◆ Representar diante dos compañeiros



LECTURA

FLASH, A BOMBILLA ESQUIMÓ de Marcelino de Santiago

Un día que estaba iluminada, Flash, a bombilla fixo un refrán e mandouno a un concurso, no que o premio era unha viaxe a Galicia... e tal foi a súa sorte, que gañou o concurso. Así foi como Flash, unha bombilla esquimó que vivía no Polo Norte veu parar a Galicia.

Ó principio tiña moito medo da chuvia, pois pensaba que podía facerlle un cortocircuíto e entón fundiríanselle os filamentos.



Non entendía porque cando chovía, as bombillas galegas levaban un estraño sombreiro que en vez de ir pousado sobre a cachola, levábano agarrado coa man, e aínda máis estraño lle parecía que ese sombreiro se puidese pechar... Levou moito tempo explicarlle que ese aparello non era o que ela pensaba, senón que como o seu nome indica era un paraugas que servía para non mollarse a cabeza cando chove.

Levámola de excursión ó bosque e fíxose amiga dos paxariños. Ó ver ó caracol estrañouse que levará a súa casa ás costas, a ela nunca se lle ocorrería levar o seu iglú na mochila. Xogou e brincou ata que caeu a noite... Vaia susto levou cando viu unha luz buligueira ir de aquí para acolá...púxose a berrar alporizada: *Socorro...unha pantasma*. Mais cando coñeceu ó vagalume, calmouse e de seguidiña se fixo boa amiga del, ó tempo que lle preguntaba:

-¿E ti qué corrente levas...continua ou alterna?

Xa podedes imaxinar o pasmada que quedou cando o vagalume lle dixo que e

non precisaba da electricidade para alumear.

-¡Cómo progresa a ciencia! ¡a ciencia progresa que é unha barbaridade!, repetía unha e outra vez, non entendía que o vagalume era un bicho.

O día seguinte ergueuse moi cedo e foi dar un paseo, mais, ó cabo dun rato, volveu para a casa suando ata polos mesmísimos filamentos... e nun santiamén meteuse no conxelador do frigorífico... Os 20º centígrados que facía na rúa eran para ela moita temperatura, pois no Polo Norte non facía nunca máis de 0º. Non quería alumear, pois co calor que facía fora tiña medo de fundirse. Ó cabo de dous días foi de excursión a praia, e visitou as rías Altas e tamén as rías Baixas, pero cal foi a súa sorpresa cando veu que os peixes



do mar estaban todos negros de chapapote. De súpeto un nó se lle puxo na gorxa, e un arrepío correulle polo filamento... Sen pensalo dúas veces apañou un cepillo e foi limpando e fregando os peixiños de un en un deica ficar limpos e relucentes.

-Ahhh...- berrou alporizada cando veu unha formiguiña que por aló pasaba.

E dun chouto comezou a lavalá... ó tempo que a formiga rifaba:

-Déixame en paz, rapaz.

-Vas quedar máis branca ca neve – dicía Flash.

-O negro é o meu color e o das miñas irmán

-¿Logo non estás porca do chapapote

-Non

-Ai, perdón...perdón..

E chegou a data de coller o avión para volver ó seu xeado país, branco coma a prata.

Ó subir o avión, namentres se despedía dos seus amigos galegos, unha bágoa rodou pola súa faciana de vidro, mentres se lle facía un nó no casquiño... **tamén levaba como recordo de Galicia a saúde.**

De seguro que volverá moi pronto a facernos outra visita.



LECTURA

O Espantallo, conto popular versión de Marcelino de Santiago

Había un pobo no que vivía un labrego tan avaro, tan avaro que cando un paxariño comía un grao de millo que atopaba polo chan, púñase tan furioso que perseguíaos de acó para acolá, e así pasaba os días asexando que ninguén tocara a súa horta.

Mais un día tivo unha idea, decidiu facer un espantallo para meter medo ós animais da horta, cortou unha árbore e unha cabaza serviulle de cabeza, fixo uns buracos nela e colocou dúas landras o xeito de ollos, unha cenoria foi o nariz e cunha mazaroca de millo amañou os dentes, vestiuno coa súa chaqueta e púxolle unha bufanda para darlle un toque de elegancia. Ficou admirando o seu espantallo cando se decatou de que lle faltaba o corazón, colleu unha mazá e meteuna no peto da chaqueta e foise todo farruco para súa casa. Alí quedouse o espantallo abaneando ó ritmo do vento.



Un día apareceu un galo que viña todo emperiquitado buscando algo que levar ó pico. *Voulle dicir a miña muller, a galiña, que non poña máis ovos para o dono desta horta que é un home tan ruín que case non nos da comida –* dixo o galo todo incomodado.

- *Uhhh* – berrou o espantallo tentando asustar ó galo.

- *Kikiriki* - exclamou o galo todo alporizado agochándose del.

O espantallo sentido mágoa díxolle:

- *Ti non lle digas nada a ninguén e colle os meus dentes que son de millo, así poderedes comer ti a galiña e os vosos pitiños.*

- *Kikiriki*, dixo o galo e foise moi agradecido

O espantallo quixo cantar de alegría, pero non tiña boca, aínda así seguía feliz e contento. Niso un coello dun chimpo saltou a cancela i entrou na horta, o espantallo dispúxose a darlle medo, pero o coelliño mirouno con ollos tristes e famentos e díxolle.

- *Quero unha cenoria que teño moita fame.*

Tanto lle doía o espantallo ver ó coelliño famento que deulle o seu nariz que era unha grande e fermosa cenoria. O coello quedoulle moi agradecido e



marchou dando brincos de ledicia. O espantallo sorría aínda que xan non podía ulir o arrecendo das flores do campo.

Un pouco máis tarde apareceu andando con parsimonia un pingüín do Polo Sur, achegouse ó espantallo e díxolle:

- *Espantallo, ¿poderías me dar unha esmola, ti que tes sona de ser bo e xeneroso? Os gardas do zoo botáronme de alí porque son un pingüín moi friorento.*

- *Colle a miña bufanda, é o único que podo ofrecerche.*

- *Ou moitas gracias, señor espantallo.*

E tal como chegou o pingüín paseniñamente marchou. Outro día apareceu un esquío pequerrechiño, o espantallo quixo asustalo, pero o animaliño movendo a súa colíña díxolle con voz aguda

- *Ando na procura de froitos secos para levarlle ós meus filliños.*

- *Podes coller os meus ollos que son landras do país.*

O esquío colleu as landras e bicou a fronte da cabaza e dun brinco desapareceu entre as árbores. O espantallo ficou quedo, esperando que chegara outro día... Niso decatouse que alguén andaba a escaravellar o seu redor. -*Oink, oink*

Era un porco porreiro fociñando na busca de algo que levar á boca.

- *Colle a miña cachola que é unha fermosa cabaza.*

- *Quédolle moi agradecido, oink, oink* - dixo o porquiño mentres marchaba coa cabaza ás costas.



O pouco que quedaba do bó e xeneroso espantallo tremolaba mainamente ó vento. Cando chegou o labrego á horta e veu como estaba de estragado o espantallo enfadouse moito. Como facía algo de frío colleu a chaqueta, que aínda tiña posta o que quedaba do espantallo, e abrigouse con ela, e cando xa se dispoñía a marchar decatándose de que aínda estaba alí a mazá, colleuna e deulle unha mordida, pero nese intre escoitou

como soaba unha doce e alegre musiquiña e de súpeto notou un cambio no seu corazón ó tempo que tiña gañas de rir, bailar e brincar...

O espantallo lle tiña dado algo de seu, a bondade e a alegría de vivir.

LECTURA

A BALA DE LUISIÑO de Marcelino de Santiago

Todo aconteceu un día que o pai de Luisiño, que era capitán do exército deulle unha bala, o tempo que lle dicía:

- *Meu fillo, con moitas balas como esta venceremos ós nosos inimigos.*

Luisiño, que non sabía moi ben porque tiña que ter inimigos, gardo a súa bala e cando foi para o internado levouna con el.

Así foi como a bala aprendeu os xogos dos nenos, o gña, a estornela, a tirar os dardos, e tamén moitas leccións de latín, xeografía, ciencias naturais, etcétera.

Polas noites a bala escapaba do peto do pantalón de Luisiño e ía á biblioteca do colexio a ler libros, pois desexaba ser unha bala moi ilustrada e así aprender como é o home, xa que foi quen a creou.

Ó tempo pasou e Luisiño fíxose mozo cando estalou unha guerra tremenda.

A bala non entendía por qué os homes se mataban entre eles... a ela nunca se lle ocorrería pegarlle un tiro a outra bala.

Estando xa no campo de batalla, Luisiño lembrouse da bala que un día lle regalara o seu pai.

Meteuna no rifle e quixo matar o seu primeiro inimigo con ela. Apuntou ben e ... PLAN...a bala saíu disparada...Mais a bala decatándose de que o seu destino era o corazón dun home, parouse no ar e berrou alporizada:

- *¿Qué vou facer?*

Ó tempo que estoupaba no ar en mil flores de mil cores e un alento de paz espallábase sementado a amizade entre os homes.



LECTURA

A VOLTA DOS CARBALLOS de Marcelino de Santiago

Nun país chamado Galicia, hai moito tempo vivían unhas árbores moi ledas chamadas Carballos. Estas árbores eran duras e retortas, de cascara moi rugosa, raíces moi fortes e cunha follaxe que mesmamente semellaba os versos dun poema.

Bicaban ó vento con amor, asubiaban melosas cantigas e as súas follas Bailaban fermosas muiñeiras...

Vivían cheas de ledicia ata que un día comezaron a chegar ó seu país unha árbores altas e rexas, tristemente serias, ¡para iso eran invasoras!, chamábanse Eucaliptos. Estas arbores debían de vir dun país moi ruín pois antes de que ninguén se decatara, comezaron a xantar de tal xeito que a terra quedou máis seca cunha pedra. Namentres os



carballos pasaban moita fame polo que decidiron marchar a emigración.

Os Eucaliptos seguiron comendo todo o que se lles poñía por diante...

Ós ríos non lles chegaba auga e as nubes quedaron escuchumizadas de tanto chora. Ós poucos Galicia foise convertendo nun deserto.

E pronto chegou o día que xa nin para os eucaliptos quedaba

comida...¡xantaron todoíño!. Así foi que tal como viñeron, sen pedir permiso, marcharon. Ós paxariños foron a avisar ós carballos que ó pouco tempo volveron a súa terra.

O ceo púxose moi ledo e adubouse cun fermoso sol de primavera... a terra, ó sentirse aloumiñada polas raíces dos seus vellos amigos, engalanouse co seu mellor vestido de herba fresca

Os paxaros coa súa orquestra comezaron a gorgoxear os máis bonitiños rechouchíos do seu repertorio...

A paisaxe engalanouse festeira e na boca da esperanza debuxábase un sorriso de nai e nos ollos brilláballe xubilosa unha bágoa de amor.

¡Galicia volvía a nacer!.



KUKAS PRODUCCIÓN S ARTÍSTICAS SL

Rúa do Tambre, 197 A
15705 Santiago de Compostela
[http:// www.kukas.redbiocultural.net](http://www.kukas.redbiocultural.net)

Teléfono: 981 562 734
Móbil: 609 884 630 / 660 298 070
Correo: monicreques@hotmail.com